



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE FISTERRA DE 28/09/2022, EN PRIMEIRA CONVOCATORIA.

ASISTENTES

PRESIDENTE

MARCOTE, SUAREZ, José (PSOE)

CONCELLEIROS

VILELA ROMERO, Soledad (PSOE)
DOMINGUEZ LADO, Alexandre (PSOE)
MARIÑO LOPEZ, María. Rocío (PSOE)

SAR OLIVEIRA, Xan Carlos (BNG)
FERNANDEZ MARTINEZ, Teresa (BNG)

TRABA FERNANDEZ, José Manuel (PP)
INSUA ESMORIS-RECAMAN, Santiago (PP)
BENLOCH RIVAS, Daniel Juan (PP)
CASTREGE FERNANDEZ, Leonor (PP)

SECRETARIO - ACIDENTAL

CARRIL PEREZ, Juan Carlos

NON ASISTEN

CON EXCUSA

SUAREZ SILVA, Jenifer (PP)

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 20:00 horas, do día 28/09/2022, reúnen no salón de sesións da casa do concello, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebraren a sesión ordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno da Corporación.

Tendo en conta que segundo o establecido no artigo 90 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, para a válida constitución do Pleno, requírese a asistencia dun tercio do número legal de membros da corporación, que nunca poderá ser inferior a tres. Este quorum deberá manterse durante toda a sesión. En todo caso, requírese a asistencia do Presidente e do Secretario da corporación ou de aqueles que legalmente os substitúan.

Comprobado pola Secretaria – Intervención accidental, que os reunidos constitúen quórum suficiente para a

válida celebración do acto segundo as disposicións vixentes, o Sr. Alcalde – Presidente declara aberta a sesión, e todo iso aos fins de deliberar e resolver sobre o contido da seguinte

ORDE DO DÍA

- 1º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.
- 2º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO MODIFICADO DE MELLORA DO SANEAMENTO NA RUA FEDERICO AVILA.
- 3º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO MELLORA DO VIARIO NA RUA SAN MARTIÑO DE ABAIXO.

1º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente preguntando se algún membro da Corporación, quere formular algunha observación, ao contido da acta do Pleno da Corporación de 4/08/2022, distribuída coa convocatoria.

Non facendo uso da palabra ningún concelleiro, o Sr. Alcalde-Presidente somete á votación a proposta de aprobación da acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación de 4/08/2022, sendo aprobada por unanimidade dos asistentes.

2º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO MODIFICADO DE MELLORA DO SANEAMENTO NA RUA FEDERICO AVILA.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente manifestando con que data 15/09/2022, Juan Alfonso Botana Castelo, arquitecto director da obra denominada PROXECTO MELLORA DO SANEAMENTO NA RÚA FEDERICO AVILA DE FISTERRA, presenta informe no que propoñe ao órgano de contratación que se realice un modificado do devandito proxecto que recolla a totalidade de diferenzas co proxecto licitado, en base ao establecido no artigo 34.6 do Prego-Tipo de Cláusulas Administrativas Particulares que serviron de base para a licitación desta obra.

Considerando que no expediente consta informe da secretaria – accidental de data 20/09/2022, sobre o procedemento a seguir.

Esta Alcaldía, con data 20/09/2022, ditou resolución que autoriza o inicio do expediente para a modificación do contrato de adjudicación da obra denominada Mellora do Saneamento na rúa Federico Avila de Fisterra, adjudicado á empresa Enxeñería Medioambiental e Desenvolvementos Constructivos, S.L.U., así como ordenar ao arquitecto autor do proxecto, que proceda á elaboración dun proxecto modificado que recolla a totalidade das diferenzas co proxecto licitado.

Tendo en conta que esta obra está subvencionada pola Excema. Deputación Provincial da Coruña, é polo que propoño ao Pleno da Corporación, que aprobe este proxecto modificado, coa finalidade de remitirlo á Excema Deputación Provincial.

Acto seguido, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Aprobar o proxecto modificado de mellora do saneamento na rúa Federico Avila, de data setembro de 2022, realizado polo arquitecto Juan Alfonso Botana Castelo, colexiado 2405, cun orzamento base de licitación total de cento corenta e cinco mil cento oitenta e seis euros e setenta e sete céntimos (145.186,77 €).

2º) Remitir copia deste acordo á Excema. Deputación Provincial, para o seu coñecemento e demais efectos.

3º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO MELLORA DO VIARIO NA RUA SAN MARTIÑO DE ABAIXO.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Co obxecto de unir ao POS + AD 2/2022 para gastos correntes e/ou investimentos financeiramente sostible e/ou revisión excepcional de prezos da Deputación Provincial, coa finalidade de financiar as obras de Mellora do viario na rúa San Martiño de Abaixo – Fase I, cunha achega da Deputación Provincial de oitenta e nove mil cincocentos trinta e oito euros e trinta e un céntimos (89.538,31 €).

Visto o proxecto técnico para a mellora do viario na rúa San Martiño de Abaixo deste termo municipal, de data 21/09/2022, realizado polo arquitecto Alfonso Botana Castelo, colexiado 2405.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Aprobar o proxecto técnico para a mellora do viario na rúa San Martiño de Abaixo deste termo municipal, de data setembro de 2022, realizado polo arquitecto Alfonso Botana Castelo, colexiado 2405, cun orzamento base de licitación total de oitenta e nove mil cincocentos cincuenta e dous euros e once céntimos (89.552,11 €).

2º) Asumir o compromiso de achega municipal por importe de trece euros e oitenta céntimos (13,80 €)

E non tendo mais asuntos dos que tratar o Sr. Alcalde - Presidente, levanta a sesión sendo as 20:15 horas, do que, como secretario - accidental, dou fe.